

SOÑO DE NEVE

Texto e ilustracións de **ERIC CARLE**

Tradución de **IAGO NICOLÁS**

Acartonado con texturas, lapelas interiores e esquinas redondeadas.
18 x 18 cm. 24 páx. 14 €

Soño de neve (galego)

ISBN 978-84-1343-311-0. Prelecturas. Acartonados.

Sonho de neve (portugués)

ISBN 978-989-749-062-0. Pré-leituras. Cartonados.

Era unha vez un granxeiro que vivía nunha granxa moi pequena.

Tiña tan poucos animais que ata podía contalos cos dedos dunha man. Chamáballes Un, Dous, Tres, Catro e Cinco...

Un fermoso conto de Nadal para prelectores co que gozar e xogar a través dos números, dos animais e dos soños que se cumpren.



Esta historia tan colorida e invernala de Eric Carle transcorre nunha pequena granxa onde o cabalo, a vaca, a ovella, o porco e o galo que a habitan reciben os coidados dun vello granxeiro que os nomea cos díxitos do un ao cinco.

Tamaños, animais, números e vocabulario son aspectos clave deste libro acartonado que, con xanelas despregables intercaladas nas páxinas centrais, potencia a interacción das lectoras e dos lectores máis novos, xogando a identificar a fauna doméstica que se agocha tralo «Soño de neve».

Cun texto sinxelo a base de frases simples, descrições e breves monólogos, o miolo da historia acontece cando o protagonista soña coa neve, que vai cubrindo, un a un, os animais da corte. O autor emprega unha fórmula narrativa repetitiva e, visualmente, combina distintas formas irregulares a modo de “manto branco”.

Nun xiro argumental que amplía o relato e reforza a curiosidade das nenas e dos nenos, o centro de atención pasa ao granxeiro: no tránsito do día á noite, o seu soño fíxose realidade e, de súpeto, repara nun descoido. Cun sorprendente final, a súa indumentaria dálle unha fasquía semellante á icónica figura de Papá Noel para realizar unha tarefa moi propia do Nadal.

Co seu inconfundible estilo, as ilustracións de Eric Carle combinan a colaxe con diversas técnicas de pintura na que resaltan as texturas na cuberta satinada que imitan as folepas de neve, o esgrafiado das cores e mesmo a aplicación de elementos brillantes.



■ **Temática:** conto de Nadal.

■ **Idade recomendada:** dende 2 anos.

■ **Aspectos destacables:** inverno, neve, frío; día e noite; animais domésticos, números, cores; tamaños, pezas de roupa; figuras tradicionais e costumes do Nadal, agasallos; vocabulario; contén lapelas, texturas e aplicacións brillantes; outras obras do autor: «[Queres xogar comigo?](#)», «[Un grilo moi silencioso](#)», «[Amigos](#)», «[Oso pardo, oso pardo, que ves aquí?](#)», «[Unha eiruga moi larpeira](#)», «[Da cabeza aos pés](#)» e «[A araña moi ocupada](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.cohttps://issuu.com/kalandraka.com/docs/sonho-de-neve-cartonado-g-cartonado>

Eric Carle

(Siracusa, Nova York, 1929 -
Northampton, Massachusetts, 2021)

Autor de máis de 70 álbums, Eric Carle comezou a ilustrar libros en 1967, logo de traballar durante moitos anos como director de arte nunha axencia de publicidade. Estudou na prestixiosa escola de arte Akademie der Bildenden Künste, de Stuttgart, en Alemaña. Voltou a Norteamérica en 1952 cun portafolio e 40 dólares no peto, buscando unha oportunidade que lle chegou como deseñador gráfico para The New York Times. O primeiro libro da súa completa autoría foi «1,2,3, to the Zoo» (1968), ao que seguiu «The very hungry caterpillar». Foi galardoado co Premio da Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña, pola Asociación de Libreiros Infantís e pola Asociación Americana de Bibliotecas. Eric Carle ten dito: “Con moitos dos meus libros intento tender unha ponte entre o fogar e a escola. O paso do fogar á escola é o segundo maior trauma da nenez; o primeiro, por suposto, é nacer. En ambos os casos deixamos un lugar de calidez e protección por outro descoñecido. Creo que os nenos son creativos por natureza e capaces de aprender. Nos meus libros intento conter ese temor, reempazalo cunha mensaxe positiva. Quero amosarlles que aprender é fascinante e divertido”.

<https://eric-carle.com>

www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com